

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu tratamento en Comisión**, relativa á adopción de medidas para a mellora da xestión marítima no porto de Ribeira.

En Ribeira ten a súa sede un Distrito Marítimo (adscribo á Capitanía Marítima de Ribeira) que, ao amparo do Real Decreto 638/2007, de 18 de maio, polo que se regulan as Capitanías Marítimas e os Distritos Marítimos, ten atribuídas, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Actividades relacionadas co rexistro e abandeiramento de buques e embarcacións menores de 24 metros de eslora.
- b) Despacho de buques.
- c) Funcións administrativas relativas ao enrole e desenrole dos tripulantes de buques e embarcacións e as relativas aos pasaxeiros e ás persoas alleas á tripulación e á pasaxe.
- d) Colaboración coas autoridades competentes nos portos e nas praias en materia de seguranza, salvamento, e navegación en relación coas actividades náuticas e de baño.
- e) Tramitación dos expedientes de expedición, revalidación, canxe, convalidación e renovación de títulos profesionais e de recreo.
- f) Autorizacións de fondeo.
- g) Inspeccións de buques.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

h) Outras nas que deleguen as Capitanías Marítimas.

Hai xa meses nos que está vacante a praza de Xefe de Distrito en Ribeira, o que está a ocasionar importantes retrasos na tramitación de expedientes de uso imprescindible para que moitas embarcacións pesqueiras poidan desenvolver a súa actividade con normalidade.

Non se pode esquecer, neste contexto, a importancia do sector pesqueiro e marisqueiro en Ribeira. Os datos oficiais indican que aínda cun proceso de redución de frota, neste porto teñen base a día de hoxe nada menos que 219 embarcacións de artes menores (pesca de baixura e marisqueo a frote), 33 arrastreiros de litoral, 5 palangreiros do Gran Sol, 6 palangreiros de superficie en augas internacionais, 3 conxeladores de altura, 5 cerqueiros, 2 atuneiros conxeladores en augas internacionais, 1 palangreiro no caladoiro galego, e 2 embarcacións bateeiras. Cumpre, daquela, axilizar os procesos administrativos que permitan favorecer o traballo deste sector produtivo coas menores trabas burocráticas posíbeis.

No mesmo sentido, ten tamén coñecemento o BNG dos problemas que está a ocasionar no sector pesqueiro desta vila (e da comarca da Barbanza) a actual saturación do servizo médico dependente do Instituto Social da Mariña (ISM) que se presta na Casa do Mar de Ribeira, que dá pé a retrasos de até dous meses dende que se solicita cita para o preceptivo recoñecemento médico do persoal embarcado até que se produce a correspondente consulta. Tamén se adían os días deste proceso, entre a primeira cita (analítica de sangue, electro, medición de tensión arterial, etc.) e a segunda (obtención de resultados, recoñecemento médico presencial, etc) dificultando o traballo dos afectados, pois non se pode esquecer que o certificado de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2012 12:57
Nº Rexistro: 75827
Data envío: 12/01/2012 12:57:38.646

recoñecemento médico é un elemento indispensable para permitir a despacho de embarcacións e obter o rol dos tripulantes.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión de Pesca e Marisqueo:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:


1.- Dirixirse ao Goberno español para que, a través do Ministerio de Fomento, proceda a cubrir a praza vacante no Distrito Marítimo de Ribeira, así como adoptar as medidas precisas, en materia de persoal e medios técnicos, para mellorar a xestión deste servizo no porto de Ribeira.

2.- Dirixirse ao Goberno español para que, a través do Instituto Social da Mariña, proceda a incrementar o cadro de persoal na Casa do Mar de Ribeira destinado á realización de recoñecemento médicos para o persoal embarcado, así como todas aquelas medidas que adapten este servizo médico á actividade e ás necesidades do sector pesqueiro, marisqueiro e mexilloeiro.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Portavoz s. do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 12/01/2012 12:56:23